

CONTRATO ADOPCIÓN GATO/A

DATOS ADOPTANTE:

NOME E APELIDOS:

D.N.I.:

ENDEREZO:

POBOACIÓN:

PROVINCIA

C.P.:

TELÉFONO DOMICILIO:

TELÉFONO MÓBIL:

CORREO ELECTRÓNICO:

A asociación pola protección animal ABEIRO con C.I.F.: G70032131

accede á cesión en calidade de adopción d@ gat@ coas seguintes características :

Sexo:

Idade:

Nome:

Manto:

• Está castrad@ : SI NON

• Se aínda non está castrad@, a intervención terá lugar no mes de A operación terá lugar na clínica veterinaria que a Asociación Abeiro indique no seu momento, e será responsabilidade do adoptante o traslado do animal dende o seu domicilio ata o veterinario.

COMPROMISOS ADOPTANTE:

1. A-O adoptante comprométese a coidar ao gato ou gata de acordo as súas necesidades, isto inclúe a atención sanitaria que sexa precisa en cada momento. Será considerado grave incumprimento do contrato, manter ao animal engaiolado ou pechado.
2. A-O adoptante non pode practicar a desungulación nin realizar amputacións de ningún tipo por motivos estéticos. Tampouco o poderá sacrificar sin xustificación veterinaria por enfermidade moi grave.
3. A-O adoptante non utilizará ao gato ou gata para criar, e se é entregado sen castrar, comprométese á realización da intervención no prazo establecido neste contrato
4. A-O adoptante deberá cumprir coa lexislación vixente e de nova publicación de carácter comunitario, estatal, autonómico e local, sobre animais de compañía.
5. A-O adoptante informará inmediatamente á asociación ABEIRO de calquer cambio de enderezo, teléfono ou correo electrónico. Igualmente informará de perda ou morte d@ gat@.
6. A-O adoptante acepta que se realicen chamadas telefónicas e visitas ao seu enderezo polos representantes da asociación ABEIRO, co fin de observar o estado, adaptación e condicións do animal, reservándose a asociación ABEIRO o dereito a retirar a custodia do mesmo se considera que non está ben atendido ou observase incumprimento do contrato.
7. Se a asociación ABEIRO decidise recoller ao animal adoptado, será entregado sen danar a súa integridade física ou psíquica. Se @ adoptante non consinte nesta retirada, será pola súa conta a totalidade dos gastos xudiciais para a resolución do contrato de adopción e

devolución do adoptado, aínda que na sentenza non se faga especial pronunciamento sobre os custes.

8. O gato ou gata adoptado non pode ser entregado a terceiras persoas sen o consentemento expreso e por escrito da asociación ABEIRO.

9. Queda prohibido que o gato ou gata adoptado poida ter acceso ao exterior sen arnés, ou sen as medidas de seguridade ou vixilancia debidas.

A/O ADOPTANTE DECLARA:

1. Estar conforme coas condicións de adopción.

2. Que as persoas que viven no seu domicilio, onde vivirá o gato ou gata adoptado, foron informadas previamente da adopción e están todas dacordo.

3. Ter sido informado-a previamente do estado de saúde, idade, carácter e características físicas d@ gat@ adoptad@ por parte da asociación ABEIRO.

4. Que esta adopción non responde a un impulso e si a un acto meditado.

A-o adoptante D./D^aafirma que leu e entendeu todos e cada un dos puntos do presente contrato, acordando coa súa sinatura facelo valer sen incidentes e que se algunha das condicións de calquera dos apartados do presente contrato fose incumplida, a asociación ABEIRO podería exercer a opción de reclamar @ gat@ sen demorar, reservándose a posibilidade de exercer accións legais no caso de probarse negligencia d@ adoptante, malos tratos ou calquera crueldade infrinxida ao animal.

TAXAS:

As taxas de adopción son de 90 euros. Inclúen unha desparasitación interna e externa, a primeira dose da vacina da trivalente en cachorros ou a dose completa anual en adultos, a operación quirúrxica da esterilización d@ gat@, microchip, pasaporte e máis rexistro no REGIAC. Tamén a realización das probas de inmunodeficiencia e leucemia nos casos precisos. Non se inclúe a vacinación da leucemia, desparasitacións posteriores, nin a medicación do postoperatorio da esterilización.

En Santiago de Compostela, a de de 20

ASINADO:

Pola asociación Abeiro

O-A adoptante

Dacordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de Decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, do Real Decreto 1720/2007 polo que se aproba o Regulamento de Medidas de Seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal, informamos de que os datos de carácter persoal aquí recollidos serán empregados dacordo unicamente ao funcionamento interno da Asociación Abeiro.